

O MUNDO QUE NOS RODEA



1. Dos seguintes mapas, cales son temáticos?

- ☐ Mapa cos ríos de Europa.
- ☐ Mapa turístico.
- ☐ Mapa de vexetación.
- ☐ Mapa das provincias de Cataluña.
- ☐ Mapa de estradas.
- ☐ Mapa cos obxectos máis emblemáticos dunha comunidade.
- ☐ Mapa dos países de Sudamérica.
- ☐ Mapa dos ríos de Asia.
- ☐ Mapa do tempo atmosférico.
- ☐ Mapa histórico.

2. Nome que recibe o mapa que representa toda a superficie do noso planeta:

3. Mapa temático que recolle os recursos naturais, a actividade económica, os índices de produción...

4. Nome que recibe a distancia entre calquera punto da Terra e o Ecuador:

5. Nome do paralelo que cruza a Terra de leste a oeste e a divide en dúas metades: hemisferio norte e hemisferio sur.

6. Nome do meridiano máis importante:

7. Sistema de referencia xeográfica que permite localizar espazos segundo a latitude (norte ou sur) e a lonxitude (leste e oeste) en que se atopen, tomando sempre como referencia o Ecuador e o meridiano de Greenwich.

8. Tipo de mapa no que se representan as características físicas da superficie do planeta.

9. Mapas que recollen as diversas entidades políticas en que se divide un territorio.

10. Nome que recibe a diferenza de nivel dun terreo determinado.

11. En que tipos de mapas podemos atopar os ríos e lagos dun lugar?

12. En que tipos de mapas podemos atopar reflexado o relevo dun lugar?

13. Nome do cadro que aparece nalgúns mapas políticos no que se especifica o significado das cores, das letras e dos símbolos que aparecen nel.

14. Tipo de mapa temático que mostra a situación atmosférica nun momento determinado.

15. Tipo de mapa temático que recolle autoestradas, autovías e estradas, así como cidades, vilas e outros lugares de interese, polo que nos pode facilitar escollermos a mellor forma de chegar ao destino desexado.



16. De que cor adoitamos a representar a hidrografía nun mapa?

a) Verde.
b) Amarelo.
c) Azul.
d) Vermello.
e) Negro

17. De que cor adoitamos a representar os camiños, as vías de ferrocarril e os oleodutos nun mapa?

a) Verde.
b) Amarelo.
c) Azul.
d) Vermello.
e) Negro

18. De que cor adoitamos a representar a poboación nun mapa?

a) Verde.
b) Amarelo.
c) Azul.
d) Vermello.
e) Negro

19. De que cor adoitamos a representar a vexetación nun mapa?


a) Verde.
b) Amarelo.
c) Azul.
d) Vermello.
e) Negro

20. Relación entre o tamaño do mapa e o do lugar que representa:

21. Tipo de escala que está formada por unha barra dividida en segmentos de igual lonxitude.

22. Tipo de escala que indica a proporción que existe entre o mapa e a realidade a través dunha fracción.

23. Que tipo de escala é a seguinte?



24. Que tipo de escala é a seguinte?

1:50.000

25. Indica o nome destes tipos de mapas:

